

Lembra:

A métrica

Ao medir as sílabas dun verso cómpre ter en conta o seguinte

Se a palabra final é aguda ou monosílaba, cóntase unha sílaba máis. (+1)

Se a última palabra é esdrúxula, cóntase unha sílaba menos. (-1)

A sinalefa : se unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza por vogal ou h, esas dúas sílabas cóntanse como unha soa. (*se á*)

A rima

Indícase con letras minúsculas se os versos teñen 8 ou menos sílabas, e con maiúsculas se teñen máis de 8. Os versos que non teñen rima márcanse cunha raia.

Coloca a carón de cada verso a o número de sílabas Ex: 7+1, e a rima.

Amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
iadiós, para sempre adiós!

Métrica Rima

Rosalía de Castro

Polo correo do vento
mándoches a miña canción,
nun sobre de sentimento
que asinei co corazón.

Métrica Rima

A. Iglesias Alvariño

Como bica o nordés a neve fría,
deixando nas folerpas súa pegada,
así quero bicar sobre a nevada,
os teus labios enchidos de alegría.

Métrica Rima

Fiz Vergara Vilariño